



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Fiscalidade Turística	Código	662G01026	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PúblicoTurismo			
Coordinación	Blanco Moa, José Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.blanco.moa@udc.es	
Profesorado	Blanco Moa, José Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.blanco.moa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A través do estudo da materia, preténdese un achegamento ao funcionamento da Administración Pública español e á estrutura e contido do sistema e ordenamento tributario español, destacando as particularidades que pola súa incidencia no ámbito turístico revisten un maior interese.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Analizar a dimensión económica do turismo.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A9	Analizar, sintetizar e resumir criticamente a información económico-patrimonial das organizacións turísticas.
A12	Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecemento das principais institucións xurídicas e administrativas no ámbito turístico e tributario	A14	B1 B4 B6	C4 C7
Capacidade para localizar e manexar fontes xurídicas	A5	B1 B3	C3 C6 C8
Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas e familiaridade coa forma de dirixirse a elas e a súa regulación	A5	B1 B3	C3 C6 C8
Resolución de problemas básicos na materia	A5 A6 A14	B1 B3 B4 B6	C5
Aplicación dun pensamento crítico, lóxico e creativo	A5 A14	B1 B3 B4	C4 C6
Traballo de forma autónoma con iniciativa e de forma colaborativa	A2 A5 A9 A12 A13	B2 B3 B5 B7	C1 C2 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1.- O CIDADÁN ANTE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	1.1.- Composición do sector público 1.2.- O interesado no procedemento ante a Administración 1.3.- A actividade das Administracións públicas
TEMA 2. OS ACTOS ADMINISTRATIVOS	2.1. Requisitos dos actos administrativos 2.2. Eficacia dos actos 2.3. Nulidade e anulabilidade dos actos
TEMA 3. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN	3.1. Dereitos do interesado 3.2. Inicio do procedemento 3.3. Tramitación do procedemento 3.4. Finalización do procedemento 3.5. Execución



<p>TEMA 4.-INTRODUCCIÓN AO DEREITO TRIBUTARIO E OS SEUS PRINCIPIOS CONSTITUCIONAIS.</p>	<p>4.1.- Concepto e contido do Dereito Tributario.</p> <p>4.2.- Valor normativo dos principios constitucionais do Dereito Tributario.</p> <p>4.3.- O principio de xeralidade.</p> <p>4.4.- O principio de igualdade.</p> <p>4.5.- O principio de progresividade.</p> <p>4.6. O principio de reserva de lei.</p> <p>4.7.- O principio de capacidade económica.</p>
<p>TEMA 5.- AS FONTES DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.</p>	<p>5.1.- A Constitución.</p> <p>5.2.- Convenios internacionais e dereito comunitario</p> <p>5.3.- A Lei.</p> <p>5.4.- A Lei Xeral Tributaria.</p> <p>5.5.- O Decreto - Lei e o Decreto Lexislativo.</p> <p>5.6.- O Regulamento.</p> <p>5.7.- As ordes interpretativas, consultas vinculantes e doutrina do Tribunal Económico-Administrativo.</p> <p>5.8.- A costume e o precedente administrativo.</p> <p>5.9.- A xurisprudencia.</p> <p>5.10.- Dereito supletorio</p>
<p>TEMA 6.-A ADMINISTRACIÓN E A FISCALIDADE NA POSTA EN MARCHA DUNHA EMPRESA: PROCEDEMENTOS BÁSICOS.</p>	<p>6.1.- Licencias e trámites de apertura.</p> <p>6.2.- Inscripcións e rexistros.</p> <p>6.3.- Obrigas fiscais do empresario.</p> <p>6.4.- Información e asistencia ao contribuínte no cumprimento de obrigas tributarias.</p>
<p>TEMA 7.- OS INGRESOS PÚBLICOS.</p>	<p>7.1.- Os ingresos públicos: concepto e clases.</p> <p>7.2.- Os ingresos patrimoniais.</p> <p>7.3.- Os ingresos de monopolio.</p>



TEMA 8.-O TRIBUTO.	<p>8.1.- O tributo: concepto e clases.</p> <p>8.2.- O imposto: concepto e caracteres.</p> <p>8.3.- Clases de impostos.</p> <p>8.4.- A taxa.</p>
TEMA 9.- A OBRIGA TRIBUTARIA E OS ELEMENTOS DO TRIBUTO.	<p>9.1.- A obriga tributaria.</p> <p>9.2.- O feito imponible.</p> <p>9.3.- A remuneración do tributo.</p> <p>9.4.- A exención tributaria.</p> <p>9.5.- O suxeito activo do tributo.</p> <p>9.6.- Os suxeitos pasivos do tributo.</p> <p>9.7.- O retedor.</p> <p>9.8.- O responsable do tributo.</p> <p>9.9.- A sucesión no tributo.</p> <p>9.10.- O domicilio fiscal.</p> <p>9.11.- A representación.</p>
TEMA 10.-A XESTIÓN DOS TRIBUTOS.	<p>10.1.- A xestión tributaria.</p> <p>10.2.- A declaración e a autoliquidación.</p> <p>10.3.- A liquidación dos tributos: a base imponible, os tipos de gravame e a cota tributaria.</p>
TEMA 11.- O SISTEMA TRIBUTARIO.	<p>11.1.- O sistema tributario estatal: impostos directos e indirectos.</p> <p>11.2.- A tributación autonómica e a tributación local.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A5 A12 A14 B7 C5 C6 C7 C8	20	32	52
Traballos tutelados	B4 B5 C1 C2 C3 C4	10	30	40
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 B6	12	23	35
Proba obxectiva	A9 B1 B2 B3	2	20	22
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nestas sesións traballaranse os contidos que integran o marco teórico da materia, mediante exposición oral do docente. Para iso utilizaranse medios audiovisuais. O obxectivo destas sesións é favorecer a aprendizaxe do alumno.
Traballos tutelados	Con esta metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, preténdese que os estudantes asuman responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. En torno aos diferentes temas explicados nas sesións maxistrais propoñerase a realización dun traballo individual ou en grupo.
Aprendizaxe colaborativa	O alumno, en grupo ou individualmente, ha de resolver casos prácticos en clase coa axuda do profesor para posteriormente discutir os resultados
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Consistirá na realización dun exame escrito final e que versará sobre aspectos teórico, prácticos ou teórico-prácticos correspondentes aos temas desenvolvidos nas sesións maxistrais

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Con esta metodoloxía, preténdese que os/as estudantes asuman a responsabilidade polo seu propio aprendizaxe. En torno aos diferentes temas explicados nas sesións maxistrais proporase a realización dun traballo individual ou en grupo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A9 B1 B2 B3	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Consistirá na realización dun exame escrito final e que versará sobre aspectos teórico, prácticos ou teórico-prácticos correspondentes aos temas desenvolvidos nas sesións maxistrais e no estudo de casos.	70
Traballos tutelados	B4 B5 C1 C2 C3 C4	Con esta metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, preténdese que os estudantes asuman responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. En torno aos diferentes temas explicados nas sesións maxistrais propoñerase a realización de traballos individuais ou en grupo. Algúns deles recolleranse nas clases para a súa avaliación; outros entregaranse nas datas propostas.	20
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 B6	O alumno, en grupo ou individualmente, resolverá os casos prácticos en clase coa axuda do profesor para posteriormente discutir os resultados.	10

Observacións avaliación



Para superar a materia é imprescindible acadar un 4 na proba obxectiva.

Os/as alumnos/as con dispensa de asistencia académica deberán poñerse en contacto co profesor para coñecer que traballos deberán entregar ao final do curso.

Na segunda oportunidade, o examen será o 100% da nota final. Do mesmo xeito sucederá para os alumnos/as que soliciten convocatoria anticipada. Considerarase coma non presentado só a aquelas persoas que non acudan ao exame final da asignatura.

Implicacións da fraude

académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñibles na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo.

Perspectiva de Xénero: Segundo

se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Fontes de información

Bibliografía básica	- BOE (). Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. BOE - BOE (). Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria. BOE - Emilio Cencerrado Millán (). Manual de derecho tributario del turismo. Tirant lo Blanch
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Dereito/662G01003
Contabilidade Financiera/662G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías